

Resolución reitoral do 1 de abril de 2026, pola que se establecen as bases reguladoras das bolsas Santander EMERGE e se procede á súa convocatoria para o curso 2026/27

Artigo 1. Propósito e contexto	1
Artigo 2. Socios de EMERGE, número de bolsas e financiamento dispoñibles .	2
Artigo 3. Condicións xerais	2
Artigo 4. Requisitos de elixibilidade	2
Artigo 5. Calendario e proceso de solicitude	3
Artigo 6. Criterios de avaliación e selección	3
Artigo 7. Pagamento das bolsas	4
Artigo 8. Obrigas da persoa beneficiaria.....	4
Artigo 9. Protección de datos.....	4
Disposición adicional primeira. Aceptación das bases	5
Disposición adicional segunda. Información.....	5
Disposición final primeira. Recursos.....	5
Disposición final segunda. Eficacia.....	6

Artigo 1. Propósito e contexto

A UDC abre o período para solicitar as bolsas destinadas a estudantes entrantes das universidades da alianza EMERGE á UDC (ano académico 2026-2027). O propósito destas axudas é apoiar o estudantado de EMERGE que desexe realizar parte dos seus estudos na UDC, fomentando así o intercambio cultural, a diversidade e a colaboración académica.

Mellorar a mobilidade xoga un papel crucial para acadar un dos obxectivos de EMERGE: conectar as marxes. O obxectivo principal de EMERGE é promover unha experiencia de mobilidade máis inclusiva co fin de garantir que estudantes de diferentes orixes, con habilidades variadas e menos oportunidades, teñan a posibilidade de mergullarse en novas culturas e perspectivas, e obter beneficios valiosos dunha experiencia internacional. Neste contexto, a concesión de bolsas identifícase como unha das ferramentas máis importantes para facilitar esa mobilidade a aquel estudantado con recursos financeiros limitados.

Buscar financiamento adicional para programas de mobilidade de partes interesadas externas é unha das tarefas incluídas no obxectivo EMERGE centrado na mellora da mobilidade. A UDC identificou o Banco Santander como un posible financiador, xa que

o apoio á educación superior é unha pedra angular da súa política de banca responsable. Para iso, a UDC alcanzou un acordo institucional con esta entidade para mellorar a súa proxección internacional cun programa específico de apoio económico para as mobilidades dos socios de EMERGE á UDC.

Artigo 2. Socios de EMERGE, número de bolsas e financiamento dispoñibles

1. Esta convocatoria inclúe un total de 5 bolsas (7.500 €) para estudantes das institucións da Alianza EMERGE que soliciten unha mobilidade na Universidade da Coruña durante o curso académico 2026-2027.

2. Partida orzamentaria: 0402250005-422D-48000.

Artigo 3. Condicións xerais

1. A convocatoria está aberta a todas as disciplinas. As persoas solicitantes deben comprobar que a súa solicitude coincida coa oferta para a que a UDC asinou un acordo de mobilidade coa universidade de orixe.

2. A axuda de mobilidade consiste nun pagamento único de 1.500 € como contribución aos custos de mobilidade e estadía para estudar na UDC (viaxes, aloxamento, seguro, gastos de manutención, etc.). A axuda de mobilidade só se pagará unha vez que comece a estadía.

3. Cada estudante só pode recibir unha axuda. O período de mobilidade debe durar polo menos un semestre. Na asignación das bolsas priorizarase o estudantado elixido para unha mobilidade anual. De non se cubriren as bolsas, poderase considerar a opción das mobilidades semestrais.

4. Esta subvención é compatible cos fondos Erasmus+ KA-131 e outros fondos similares.

Artigo 4. Requisitos de elixibilidade

Para seren admitidas no proceso de selección, as persoas solicitantes deben cumprir os seguintes requisitos:

a) Estar matriculada nun grao dalgunha das institucións de orixe da Alianza EMERGE no momento da solicitude e durante a mobilidade.

b) Ter completado un número de ECTS equivalente a un curso académico.

c) Ter sido aceptada para un intercambio na UDC baixo o programa Erasmus+ para o curso académico 2026-2027. O período de mobilidade deberá iniciarse no 1º semestre do curso 2026-2027.

d) Ter polo menos un nivel B2 certificado na lingua en que se realizarán as actividades de mobilidade previstas (inglés/español).

e) Rexistrarse na plataforma de Santander entre o 1 de abril e o 15 de setembro de 2026.

f) Presentar todos os documentos requiridos a través da [plataforma da UDC](#) antes do 31 de maio de 2026.

Artigo 5. Calendario e proceso de solicitude

As mobilidades deben realizarse no curso académico 2026-2027 durante o período de actividade lectiva segundo o calendario da Universidade da Coruña. Todas as mobilidades deben rematar antes do 30 de setembro de 2027.

Os socios de EMERGE designan estudantes de intercambio para a UDC	15 de maio de 2026
Os socios de EMERGE proporcionan á UDC a listaxe final de estudantes beneficiados con Santander e mais unha listaxe de agarda	15 de maio de 2026
O estudantado de intercambio elixido rexístrase na plataforma da UDC	Antes do 31 de maio de 2026
Inscripción de estudantes na plataforma en liña de Santander	Ata o 15 de setembro de 2026
Data límite para a repartición de fondos por parte da UDC a través da plataforma en liña de Santander	30 de outubro de 2026
Aceptación da bolsa por parte dos/as estudantes (a través da plataforma en liña de Santander)	7 de novembro de 2026

Artigo 6. Criterios de avaliación e selección

1. As bolsas outórganse de forma competitiva.
2. As candidaturas avalíaranse segundo o seu rendemento académico e o grao de necesidade económica:
 - a) Puntuación académica: baseada na media de notas do ano académico anterior.
 - b) Menos oportunidades: estudantes con necesidades educativas especiais ou unha discapacidade igual ou superior ao 33%. A UDC debe contar cunha certificación oficial destas categorías de inclusión.
3. A puntuación académica e a pertenza ao colectivo de menos oportunidades poden ser ponderados pola institución de orixe segundo o seu propio criterio. Estas tamén poden incluír requisitos adicionais no proceso de selección.

4. A selección farase na institución de orixe. Todas as listaxes, convocatorias de solicitudes e reclamacións serán xestionadas pola institución de orixe, e cumpriran coa súa normativa e calendarios, respectando os prazos e as normas desta convocatoria.

Artigo 7. Pagamento das bolsas

1. O 100% da bolsa pagarase coa chegada do/a estudante á UDC e á inscrición na ORI-UDC, tras a aceptación da bolsa a través da plataforma Santander.

2. Ao chegar, o/a estudante abrirá unha conta Santander en España, onde a bolsa será depositada mediante unha transferencia bancaria. Para fomentar a inclusión financeira, Banco Santander ofrece unha conta gratuíta como parte dos seus servizos comerciais.

Artigo 8. Obrigas da persoa beneficiaria

1. Realizar a mobilidade segundo a proposta do contrato de estudos e as datas acordadas durante o curso académico 2026-2027.

2. Completar os procedementos requiridos e proporcionar os documentos necesarios de acordo co Programa Erasmus+ antes, durante e despois do período de mobilidade, cumprindo cos prazos establecidos pola UDC e a universidade de orixe.

3. Todas as demais obrigas inherentes ao Programa Erasmus+ e ás regulacións internas da universidade de orixe e da UDC.

4. Se o/a estudante non cumpre coas obrigas anteriores, terá que reembolsar o importe total da axuda á UDC.

Artigo 9. Protección de datos

1. En cumprimento do artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril sobre a protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (RXPDP), e ao artigo 11 da Lei orgánica 3/2018 do 5 de decembro sobre a protección dos datos persoais e a garantía dos dereitos dixitais (LOPD), infórmase que os datos proporcionados ao concorrer a esta convocatoria a través do sitio web serán procesados baixo a responsabilidade do Banco Santander e da Universidade de A Coruña (UDC: rúa Mestranza, 9, 15001, A Coruña, teléfono +34 981 167 000, correo electrónico rpd@udc.gal).

A UDC será responsable de verificar o cumprimento dos requisitos establecidos anteriormente baseándose nos datos persoais da persoa solicitante dispoñibles na Universidade.

2. O propósito do tratamento destes datos persoais é a xestión das bolsas Santander EMERGE 2026/27. Todas as persoas que accedan a estes datos para este fin deberán cumprir o deber de confidencialidade establecido no artigo 5 da LOPD. Os datos serán tratados polo tempo estritamente necesario para cumprir o propósito mencionado, sen prexuízo da súa conservación en relación coa posible presentación de reclamacións legais.

3. No caso de que a UDC teña que recoller información persoal especialmente sensible das persoas candidatas, incluído calquera certificado ou documentación que a Universidade considere necesario, isto farase de acordo coas regulacións aplicables de protección de datos persoais vixentes en cada momento. Para este fin, as persoas que cumpran os criterios de discapacidade deben enviar por correo electrónico á UDC (administration.emerge@udc.gal) o certificado de discapacidade e o anexo I (Cláusula de Protección de Datos asociado ao Programa de Bolsas Erasmus) debidamente completados e asinados. Estes documentos estarán en custodia exclusiva da Universidade.

4. A UDC non proporcionará ningún dato persoal sensible das persoas candidatas a Banco Santander S.A., nin a ningunha das súas subsidiarias. En calquera caso, a UDC non proporcionará, de ningún xeito, ningún dato, indicación ou documento que poida permitir a Banco Santander S.A. ou a calquera das súas subsidiarias deducir/inferir ou identificar de ningún xeito cales dos requisitos establecidos nos artigos 2 e 6 cumpran as persoas seleccionadas. Por tanto, nin Banco Santander S.A. nin ningunha das súas subsidiarias poderán saber quen recibe axuda para estudantes de contornas desfavorecidas e/ou con discapacidade.

5. Ao participar nesta convocatoria, a parte interesada consente expresamente o tratamento de datos mencionado para cumprir o obxectivo descrito, e terá o dereito de retirar o consentimento en calquera momento, sen efecto retroactivo, salvo que o tratamento dos datos estea xustificado por algunha das outras bases legais establecidas no artigo 6 do RXPDP.

6. Para exercer os dereitos de protección de datos, consulte o [sitio web da UDC](#). Pódese consultar a política de privacidade de Banco Santander S.A. na seguinte [ligazón](#).

Disposición adicional primeira. Aceptación das bases

Ao participar nesta convocatoria, as persoas candidatas aceptan as bases e a súa resolución, que será inapelable, con renuncia a calquera tipo de reclamación.

Disposición adicional segunda. Información

Poderá obterse máis información sobre estas bases e a convocatoria na oficina EMERGE da UDC:

Tel: 881 01 23 34

administration.emerge@udc.gal

Disposición final primeira. Recursos

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá presentarse un recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o xulgado competente do contencioso-administrativo, de acordo co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Tamén se poderá presentar, de maneira opcional, un recurso de reposición ante o/a reitor/a, no prazo dun mes, segundo

o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Ambos os prazos comezarán a contarse desde o día seguinte á súa publicación no TEO.

Disposición final segunda. Eficacia

Esta resolución despregará a súa eficacia a partir do día seguinte da súa publicación no [TEO](#) da UDC.

O reitor

PD (RR 10/07/2024)

O vicerreitor de Títulos e Internacionalización

Rector's Resolution of April 1, 2026, establishing the regulatory bases for the Santander EMERGE scholarships and announcing their call for applications for the 2026/27 academic year

Article 1. Purpose and context	1
Article 2. EMERGE partners, number of available grants and funding	2
Article 3. General conditions	2
Article 4. Eligibility requirements	2
Article 5. Timeline and application process	3
Article 6. Evaluation criteria and selection	3
Article 7. Grant payment	4
Article 8. Obligations of the beneficiary	4
Article 9. Data Protection	4
Additional Provision One. Acceptance of the Terms	5
Additional Provision Two. Information	5
Final Provision One. Appeals	5
Final Provision Two. Effectiveness	6

Article 1. Purpose and context

UDC is pleased to announce the start of the application period for grants for incoming students from EMERGE alliance universities to UDC (2026/2027 academic year). The purpose of these grants is to support EMERGE students who wish to undertake part of their studies at UDC, thereby fostering cultural exchange, diversity and academic collaboration.

Enhancing mobility plays a crucial role in achieving one of EMERGE's objectives: connecting the margins. EMERGE's main objective is to promote a more inclusive mobility experience, ensuring that students from diverse backgrounds, with varying skills and fewer opportunities, have the chance to immerse themselves in new cultures and perspectives, and to gain valuable experience from an international experience. In this context, the provision of grants is identified as one of the most important ways of facilitating mobility for students with limited financial resources.

Seeking additional funding for mobility programmes from external stakeholders is one of the tasks included in the EMERGE objective of enhancing mobility. UDC has identified

Banco Santander as a potential stakeholder, as supporting higher education forms a key part of its Responsible Banking policy. UDC has therefore reached an institutional agreement with Santander to enhance its international profile, providing specific economic support for mobility programmes from EMERGE partners to UDC.

Article 2. EMERGE partners, number of available grants and funding

1. This call includes a total of 5 grants (€7,500 each) for students from the EMERGE Alliance institutions who apply for a mobility to the University of A Coruña during the 2026/27 academic year.

2. Funding reference: 0402250005-422D-48000.

Article 3. General conditions

1. The call is open to all disciplines. Applicants must ensure that their application matches a mobility agreement signed by the UDC with their home University.

2. The mobility grant consists of a one-off payment of €1,500 to contribute towards the costs of studying at the UDC (e.g. travel, accommodation, insurance and living expenses). The mobility will only be paid once the stay has begun.

3. Each student can only receive one grant. The mobility period must be at least for one semester. When allocating the grants, priority will be given to students nominated for annual mobility. If these grants are not filled, they may be offered to students participating in semester-long mobility programmes

4. This grant is compatible with Erasmus+ KA131 funds and other similar funding sources.

Article 4. Eligibility requirements

In order to be admitted to the selection process, applicants must meet the following requirements:

a) Be enrolled in a bachelor's degree at one of the EMERGE Alliance institutions that sent them at the time of application and during the mobility.

b) Have fulfilled a number of ECTS credits equivalent to one academic year.

c) Be accepted onto a mobility exchange programme at UDC under the Erasmus+ programme for the 2026-2027 academic year. The mobility period must begin in the first semester of the 2026/27 academic year.

d) Have at least a certified B2 level in the language in which the planned mobility activities will be conducted (English or Spanish).

e) Register on the Santander platform between 1 April and 15 September 2026.

f) Submit all the required documents through the [UDC platform](#) before 31 May, 2026.

Article 5. Timeline and application process

Mobilities must be carried out during the academic period of 2026/27, as defined by the academic calendar of the University of A Coruña. All mobilities must conclude by 30 September 2027.

EMERGE partners nominate exchange students to UDC	15 May 2026
EMERGE partners provide UDC with the final list of Santander awarded students and a waiting list	15 May 2026
Nominated exchange students register on UDC platform	Before 31 May 2026
Students' registration on the Santander online platform	Up to September 15, 2026
Deadline for grant allocation by UDC through Santander online platform	30 October 2026
Student acceptance of the grant (through Santander online platform)	7 November 2026

Article 6. Evaluation criteria and selection

1. Scholarships will be awarded on a competitive basis.
2. Candidates will be prioritised based on their academic performance and level of financial need:
 - a) Academic score: based on the grade point average of the previous academic year.
 - b) Students from disadvantaged backgrounds, including those with special educational support needs or a disability of at least 33 per cent. Official certification of these inclusion categories must be provided to UDC.
3. The academic score and disadvantaged background may be weighted at the discretion of the sending institution. Home universities may also include additional requirements in the selection process.
4. Selection will be conducted by the sending institution. All lists, calls for applications and complaints will be handled by the sending institution in accordance with its own regulations and calendars, and in compliance with the deadlines and rules of this call.

Article 7. Grant payment

1. The full grant amount will be paid upon the student's arrival at UDC and registration at the International Relations Office (IRO) after the acceptance of the grant via Santander platform.
2. Upon arrival, the student will open a Santander account in Spain, to which the grant will be transferred. To encourage financial inclusion, Banco Santander offers a free account as part of its commercial services.

Article 8. Obligations of the beneficiary

1. Carry out the mobility according to the study proposal and agreed dates during the 2026/2027 academic year.
2. Complete the required procedures and provide the necessary documents in accordance with the Erasmus+ Programme before, during and after the mobility period, complying with the deadlines established by UDC and the home university.
3. To fulfil all other obligations inherent to the Erasmus+ Programme and the internal regulations of the home university and UDC.
4. If a student does not comply with the above obligations, they will have to refund the total amount of the grant to UDC.

Article 9. Data Protection

1. In compliance with Article 13 of Regulation (EU) 2016/679 of the European Parliament and of the Council of 27 April 2016 on the protection of natural persons with regard to the processing of personal data and on the free movement of such data (General Data Protection Regulation (GDPR)), and Article 11 of Organic Law 3/2018 of 5 December on the Protection of Personal Data and Guarantee of Digital Rights (Ley Orgánica de Protección de Datos Personales y Garantía de los Derechos Digitales (LOPD)), we inform you that the data provided when applying for this position via the website will be processed under the responsibility of Banco Santander and the University of A Coruña (UDC: Rúa Mestranza, 9, 15001, La Coruña, Spain, telephone +34 981 167 000, email: rpd@udc.gal).

The UDC will verify that applicants meet the above requirements based on the personal data available at the university.

2. The purpose of processing this personal data is to manage the Santander EMERGE Scholarships for the 2026/27 academic year. All persons who access this data for this purpose must comply with the duty of confidentiality established in Article 5 of the LOPD. The data will be processed for the time strictly necessary to fulfil the aforementioned purpose, without prejudice to its retention in connection with the possible assertion of legal claims.

3. If the UDC needs to collect personal information, including any certificates or documentation deemed necessary by the University deems necessary, this will be done in accordance with the applicable data protection regulations. Candidates who meet the disability criteria must therefore send their disability certificate and Annex I (the Data Protection Clause associated with the Erasmus Scholarship Programme) duly completed and signed by email to the UDC (administration.emerge@udc.gal). These documents will be kept in the exclusive custody of the University.

4. The UDC will not provide Banco Santander S.A. or any of its subsidiaries with any personal data relating to candidates. Under no circumstances will the UDC provide any data, information or documents that could enable Banco Santander S.A. or its subsidiaries to deduce, infer or identify which of the requirements set out in articles 2 and 6 are met by the selected candidate(s). Therefore, neither Banco Santander S.A. nor any of its subsidiaries will know which scholarship recipients are from disadvantaged backgrounds and/or have a disability. To exercise your data protection rights, please refer to the [UDC website](#). You can view the privacy policy of Banco Santander S.A. at the following [link](#).

5. By participating in this call, the interested party expressly consents to the aforementioned data processing for the aforementioned purpose and has the right to withdraw consent at any time, without retroactive effect, unless the processing of data is justified another legal basis established in Article 6 of the GDPR.

6. To exercise your data protection rights, please visit the [UDC website](#). You can view Banco Santander S.A.'s privacy policy at the following [link](#).

Additional Provision One. Acceptance of the Terms

By participating in this call, applicants accept these terms and their resolution, which shall be final and not subject to appeal, waiving any type of claim.

Additional Provision Two. Information

Further information about these terms and the call may be obtained from the EMERGE office at UDC:

Tel: +34 881 01 23 34

administration.emerge@udc.gal

Final Provision One. Appeals

Against this resolution, which puts an end to the administrative procedure, an administrative litigation appeal may be lodged within two months before the competent administrative court, in accordance with Article 46 of Law 29/1998, of 13 July, regulating the administrative jurisdiction. Optionally, a reconsideration appeal may also be filed before the Rector within one month, in accordance with Articles 123 and 124 of Law 39/2015, of 1 October, on the Common Administrative Procedure of Public

Administrations. Both time limits shall be counted from the day following its publication in the TEO.

Final Provision Two. Effectiveness

This resolution shall take effect from the day following its publication in the [TEO](#) of UDC.

The Rector

By delegation (RR 10/07/2024)

The Vice-Rector for Degrees and Internationalization